



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA III
DISCIPLINA	DRAMATURXIA
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dramaturxia
CURSO	3º (1º semestre)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra Arrojo
DOCENTES	<b>Nome e apelidos:</b> Afonso Becerra Arrojo <b>Horario titorías:</b> <b>Despacho:</b> Dpto. de Dirección escénica e dramaturxia <b>Contacto:</b> afonsobecerra@edu.xunta.es
DESCRIBIÓN	Principios xerais da dramaturxia aplicados ás manifestacións escénicas non textuais e ao espectáculo audiovisual. Aproximación á análise práctica das diversas formas do espectáculo non textual (danza, danza-teatro, teatro visual e de obxectos) e do espectáculo audiovisual (videodanza e videocreación). Análise e práctica da creación da partitura dramática e dos textos destinados a esas modalidades. Valoración dos procesos creativos.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Dramaturxia II
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos diversos.
T12	Adaptarse en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, das emocións, das actitudes e das condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos, mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo, asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos adecuados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e os códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Adquirir coñecementos básicos sobre a linguaxe audiovisual.	T8, T13, X1, X4, X5
2. Recoñecer recursos compositivos das dramaturxias audiovisuais.	T8, T13, X1, X4, X5
3. Identificar as características singulares da dramaturxia e da posta en escena de directoras relevantes e de estilos audiovisuais diversos.	T8, T13, X1, X4, X5
4. Concibir a estrutura dramática básica de proxectos audiovisuais diversos.	T1, T9, T12, X6, X8, ED1, ED2,



	ED3, ED5
5. Adquirir coñecementos básicos sobre as dramaturxias non textuais.	T8, T13, X1, X4, X5
6. Recoñecer recursos e condicións das dramaturxias non textuais.	T8, T13, X1, X4, X5
7. Identificar as características singulares da dramaturxia e dos espectáculos de directoras e coreógrafas relevantes e de estilos diversos.	T8, T13, X1, X4, X5
8. Concibir a estrutura dramaturxica básica de proxectos para espectáculos de teatro performativo posdramático.	T1, T9, T12, X6, X8, ED1, ED2, ED3, ED5
9. Desenvolver unha metodoloxía persoal de traballo colaborativo cun equipo artístico, que permita presentar unha peza de teatro performativo posdramático.	T1, T8, T9, T12, X4, X6, X8, ED1, ED2, ED3, ED5
10. Desenvolver unha reflexión teórica respecto á práctica dramaturxica e manexar os conceptos e a terminoloxía máis axeitada.	T8, T13, X1, X4, X5, ED5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
<b>BLOQUE 1</b>		
1. A análise fílmica	1.1 Fases da análise. 1.2 Análise dos compoñentes cinematográficos. 1.3 Análise da representación. 1.4 Análise da narración.	10
2. Dramaturxia audiovisual I: Drama.	2.1 A acción dramática no audiovisual. 2.2 Desviacións respecto ao modelo dramático (neo)clásico.	5
3. Dramaturxia audiovisual II: Categorías.	3.1 O concepto xeral de "categoría" e os xéneros. 3.2 Asunción das categorías do cómico, o dramático e o trágico.	2
4. Dramaturxia audiovisual III: Retórica.	4.1 Recursos persuasivos. 4.2 Creación de convencións e pactos de xogo coa recepción.	5
5. Dramaturxia audiovisual IV: Abstracción.	5.1 Enerxía e materia no espazo e no tempo. 5.2 Dramaturxias da abstracción: videocreación, videodanza.	2
6. Dramaturxia audiovisual V: Asociación.	6.1 A montaxe de imaxes audiovisuais. 6.2 A metáfora nas artes da imaxe.	6
<b>BLOQUE 2</b>		
7. Xenealoxía e referentes da danza-teatro, do teatro de imaxes e obxectos e doutras formas non textuais.	7.1 Análise dramaturxica de pezas clave dun posible repertorio. 7.2 Elementos de composición 7.3 Relación coa espectadora e co espectador	8
8. A dramaturxia da danza.	8.1 Conceptos básicos. 8.2 Progresión. Trazos formais. Dirección 8.3 Calidades do movemento. Temporais. Corporais. Espaciais. 8.4 Dinámicas 8.5 Estrutura. Motivos. Frases. 8.6 O ritmo na dramaturxia da danza	6
9. A dramaturxia posdramática.	9.1 Condicións básicas. Paisaxe. Plétora. Parataxe. Simultaneidade. Heteroxeneidade. Disxunción. Musicalización. Fisicalidade. Irrupción do real. Acontecemento. Improvisación. O actor, a actriz, descentrados (marionetas, manequíns, obxectos, máquinas) 9.2 Perspectivas e estilos. Ironía. Parodia. Simulacro. Biografía. Documento. Testemuña. Abstracción / concreción. Teatro de figuras. 9.3 Espazos. Duración. Multimedia.	6
10. Dramaturxias de proceso. Realización.	10.1 Fases de creación dramaturxica. 10.2 Referentes e puntos de partida. 10.3 Investigación e creación. 10.4 Codificación. Partitura. Escrita. 10.5 Reflexión e análise.	10
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	1 + 1		
Exposición maxistral	3 + 3		
Exposición práctico-teórica	9 + 9		
Práctica individual		25 + 25	
Práctica colectiva		12 + 12	
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Titorías individuais	4 + 4		
Titorías de grupo	4 + 4		

Actividades de avaliación. Probas	8 + 8		
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4 + 4		
Actividades de avaliación. Revisión	5 + 5		

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Actividades introdutorias	<p>Avaliación dos coñecementos do alumnado na linguaxe e na dramaturxia audiovisual.</p> <p>Avaliación dos coñecementos do alumnado na linguaxe das dramaturxias non textuais.</p>
Exposición maxistral	<p>Hipóteses para unha posible metodoloxía de análise audiovisual. Exposición das características básicas dos cinco recursos compositivos analizados na materia (drama, categorías, retórica, abstracción e asociación).</p> <p>Exposición de conceptos e posibles metodoloxías de análise e creación, referentes ao ámbito das dramaturxias non textuais.</p>
Exposición práctico-teórica	<p>Análise conxunta de diferentes dramaturxias audiovisuais de acordo coa metodoloxía e os parámetros estudados na aula.</p> <p>Análise conxunta de diferentes dramaturxias non textuais de acordo coa metodoloxía e os parámetros estudados na aula.</p>
Práctica individual	<p>Creación de 1 guión audiovisual (videocreación ou videodanza) e a súa realización. Preparación de 1 traballo de análise de dramaturxias de autorías relevantes e estilos diferenciados.</p> <p>Creación de 1 dramaturxia de proceso, no ámbito das dramaturxias performativas posdramáticas, que se nutra dos referentes estudados e que poña a proba os conceptos e a metodoloxía.</p>
Práctica colectiva	<p>Análise e debate sobre as pezas e documentos.</p> <p>Mostra final da peza de teatro performativo posdramático ante un público.</p>
Tutorías individuais	Supervisión e orientación docente dos traballos de análise e creación.
Tutorías de grupo	Supervisión e orientación docente dos traballos que requiran colaboración ou creación colectiva.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
Exercicios de análise de pezas e documentos audiovisuais de referencia. Presentación escrita e exposición oral.	T1, T8, T12, T13, X1, X4, X6, X8	20%
Práctica de 1 guión audiovisual e a súa realización.	T9, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	30%
Práctica de creación de 1 dramaturxia de proceso no ámbito das teatralidades performativas posdramáticas. Puntos de partida. Investigación e desenvolvemento. Codificación-partiturización. Análise da recepción. Conclusións.	T9, T13, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	30%
Práctica de presentación escénica da peza de teatro performativo posdramático.	T9, T13, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	20%
7.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
Práctica de análise dramaturxica de 1 peza audiovisual e 1 peza performativa posdramática.	T1, T8, T12, T13, X1, X4, X6, X8	20%
Práctica de guión audiovisual.	T9, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	40%
Práctica de creación de 1 peza pertencente ao ámbito das dramaturxias non textuais para a súa presentación escénica.	T9, T13, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	40%
7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	



Práctica de análise dramaturxica de 1 peza audiovisual e 1 peza performativa posdramática.	T1, T8, T12, T13, X1, X4, X6, X8	20%
Práctica de guiión audiovisual.	T9, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	40%
Práctica de creación de 1 peza pertencente ao ámbito das dramaturxias non textuais para a súa presentación escénica.	T9, T13, X5, ED1, ED2, ED3, ED5	40%

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### Referencias básicas BLOQUE 1

Aranda, Daniel e De Felipe, Fernando (2006): *Guión audiovisual*. Barcelona: UOC.  
Casetti, F. & Di Chio, F. (2007). *Cómo analizar un film*. Barcelona: Paidós.

### Referencias básicas BLOQUE 2

Becerra de Becerreá, Afonso (2018): *Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática*. Santiago de Compostela: Através Editora.  
Lehmann, Hans-Thies (2013) [1999]: *Teatro posdramático*. Murcia: CENDEAC  
Lepecki, André (2011): "No estamos listos para el dramaturgo: Algunas notas sobre la dramaturgia de la danza", en VVAA (2011): *Repensar la dramaturgia. Errancia y transformación*. Murcia: CENDEAC  
Ñeco, Leticia (2014): *Programa de optimización del movimiento (PrO-M): Compañía Cienfuegos danza*. Tese doutoral. Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación. Universidad de Valencia.

### Referencias complementarias BLOQUE 1

Dondis, D. A. [1973] (2003): *La sintaxis de la imagen. Introducción al alfabeto visual*. Barcelona: Editorial Gustavo Gili, S. A.  
McKee, R. (2002). *El guiión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones*. Barcelona: Alba.  
Tarkovski, A. (1991). *Esculpir en el tiempo*. Madrid: RIALP.  
Tobias, Ronald B. [1993] (2004): *El guiión y la trama. Fundamentos de la escritura dramática audiovisual*. Navarra: Ediciones Internacionales Universitarias, S.A.

### Referencias complementarias BLOQUE 2

Becerra de Becerreá, Afonso (2016): "Teatro gallego contemporáneo. En los albores del siglo XXI. Algunos casos.", en *Primer Acto Nº 351/2016*. Madrid: Primer Acto.  
Becerra de Becerreá, Afonso (2017): "La querella del posdrama", en *Periódico de las Artes Escénicas y Visuales Artezblai*. 11/09/17 (<http://www.artezblai.com/artezblai/la-querella-del-posdrama.html>)  
Becerra de Becerreá, Afonso (2017): "Estancias coreográficas 2017", en *Periódico de las Artes Escénicas y Visuales Artezblai*. 13/08/17 (<http://www.artezblai.com/artezblai/estancias-coreograficas-2017.html>)  
Burrows, Jonathan (2010): *A Choreographer's Handbook*. London and New York: Routledge.  
Contreras Elvira, Ana (2016): "Oratoria y alegoría en el teatro discursivo y asociativo contemporáneo en España", en Bottin, Béatrice [Coord.] (2016): *Nuevos asedios al teatro contemporáneo: Creación, experimentación y difusión en los siglos XX y XXI (España-Francia-Alemania)*. Madrid: Fundamentos.  
Fischer-Lichte, Erika (2011) [2004]: *Estética de lo performativo*. Madrid: Abada Editores.  
Ivnerel, Philippe et Longuet Marx, Anne [Coord.] (2010): *Théâtre et danse. Un croisement moderne et contemporain*. En *Études Théâtrales 47 & 48 / 2010*. Louvain-la-Neuve, Belgique: Centre d'études théâtrales. Faculté de Philosophie, Arts et Lettres, UCL.  
Louppe, Laurence [1997] (2012): *Poética da dança contemporânea*. Lisboa: Orfeu Negro.  
Pavis, Patrice (2014): *Dictionnaire de la performance et du théâtre contemporain*. Paris: Armand Colin.  
Sermon, Julie et Ryngaert, Jean-Pierre (2012): *Théâtres du XXIe siècle: commencements*. Paris: Armand Colin.

## 9. OBSERVACIÓNS

### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala. Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

ACTIVIDADE 1: Seguimento telemático  
Competencias: T1. T8. T12. X4. X6. ED5.  
Ponderación: 10%

ACTIVIDADE 2: Práctica de análise dramaturxica de 1 peza audiovisual e 1 peza performativa posdramática.



Competencias: T1, T8, T12, T13, X1, X4, X6, X8

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 3: Práctica de guión audiovisual.

Competencias: T9, X5, ED1, ED2, ED3, ED5

Ponderación: 35%

ACTIVIDADE 4: Práctica de creación de 1 peza pertencente ao ámbito das dramaturxias non textuais para a súa presentación escénica.

Competencias: T9, T13, X5, ED1, ED2, ED3, ED5

Ponderación: 35%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓN QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**